CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS · Nº EXTRAORDINARIO

Chovía en Boisaca:
Palabras para Isaac Díaz Pardo no II cabodano do seu pasamento

AA.VV.

14 ABRIL 2014

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

■ En referencia a un poema de Lorenzo Varela, *Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesinados*, ("o día que vos poda levar á sepultura unha cesta de pombas e de mazás") ofrendáronse mazás sobre o sartego de Isaac Díaz Pardo.

Edita e imprime: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo

comisionsuarezpicallo@gmail.com

http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo

Sada - 14 de abril, 2014

Directiva 2014 - presidente: Francisco A. Pita Fernández / vicepresidenta: Marisa Naveiro López / secretaria: Vanesa Santiago Vázquez / vicesecretaria: Rexina Basadre Orozco / tesoureiro: Esteban Rodríguez Liste/ vogais: Xosé Val Díaz, Xesús Castro Vidal, Amable Carballeira Caño, Xaime Rodríguez Rodríguez, David García Pauwels, Carme Gratacós Ríus, Laura I. Pita Campos

Imaxe da portada: Ilustración de Isaac Díaz Castro para o cartel de cego "Castelao". Arquivo de Xosé Díaz

Este 5 de xaneiro pasado, chovía no cemiterio de Boisaca (Santiago de Compostela), onde un grupo de persoas se reuniu para lembrar a Isaac Díaz Pardo no II cabodano do seu pasamento. Música e letras, pombas e mazás, déronse cita xunto á auga nun emotivo acto conducido pola escritora e artista Antía Otero. A choiva, non obstante, esquecíase no intre no que as palabras caldeaban a atmosfera. Segundo recolle Xesús Redondo Abuín, foron "*palabras para Isaac Díaz Pardo, pronunciadas en Boisaca dous anos despois de debruzarse co posto ó cavorco escuro do negro nunca máis. Tan livián e enxoito de corpo se foi, que se foi nos ósos, envoltos en catro farrapos de diario. Indumentaria de domingo el non gastaba*".

Aquí recollemos algunhas desas palabras, para que non as leve a choiva.

+++

Esperanza Mariño Davila

Para nós

(A Isaac Díaz Pardo, in Memoriam)

Era a saudade infinita.
Da nosa orfandade verea abisal.
(E se ti non, quen?).
Mais a Memoria galga lenemente
cunha firme man azul cobalto
esmigallando tebras, manseliña.

Medrarán as augas. E na maraxe
dun verde amañecer de argazo
imos lembrar, xuntos. O teu nome:
Refachos de brisa, faíscas de luz,
frescura silente da pedra do lar,
buguina rotunda dun eco ancestral.

Medrarán as augas. Somos olladas,
profundos corazóns de albura branca.
Sementes de esperanza. Quizais.
Mentres, murmuran as ondas
nestoutro amañecer de gloria.
Agora, vixiemos. A marea está alta.

■ *Mazás para Isaac*

Isaac Díaz Pardo

***O marqués de Sargadelos* [fragmento]**

LOUBANZA (recitado)

Antras glorias que deixou
o Marqués de Sargadelos
está o ritrato fermoso
que lle pintou Goya
e que os yanquis
coma todo teñen hoxe.
Antonio Raimundo Ibañez
coñecía do universo
tódalas leises que moven
as rodas dos seus adentros.

Chamábano de Madrid
porque sabía de todo,
pro non logrou coñecer
a cerna boa do seu pobo.

Non tiña coma os de agora
cultura de televexo,
prós que queren ir pra estatua
coma o astronauta do conto:
sabendo moito da lua
non saben ren do seu pobo.

Isaac Díaz Pardo

***Castelao* [fragmento]**

¿Quen quixo sepultar a esperanza que temos
no máis grande político de Galiza, e facelo
un santo inofensivo nun altar escolleito?
Mentras teña unha corda o violín do cego
cantará a Castelao por vilas e rueiros;
o Castelao do povo a súa esperanza erguendo
por un mundo millor sin caciques nin demos.
E aínda a corda crebada e todo xa desfeito,
xa todos claudicantes e todos transixentes,
aínda que o deixen solo o cego Zago vello
levará sempre o nome de Castelao nos beizos.



O violín non lle vai ben
ó meu aquel treboeiro;
perdónenme os frigueses
desta parroquia de cegos.
E así, se veñen rapazas
a me propoñer un lerio
coma non vexo dos ollos
hei tocarlles o pandeiro,
pois coidando que non vexo
tódolos baldreus cheirentos



ofrécenme maravillas
que coma son parvo aceuto.
Dimpois de pedir perdón
xa estou listo pró escomenzo
e vou cantar ó Ibañez
nado na beira do Eo,
en Santa Eulalia de Oscos,
chán irredento galego.

LOUBANZA (recitado)

Antras glorias que deixou
o Marqués de Sargadelos
está o ritrato fermoso
que lle pintou Goya
e que os yanquis
coma todo teñen hoxe.
Antonio Raimundo Ibañez
coñecía do universo
tódalas leises que moven
as rodas dos seus adentros.
Chamábano de Madrid
porque sabía de todo,



pro non logrou coñecer
a cerna boa do seu pobo.
Non tiña coma os de agora
cultura de televexo,
prós que queren ir pra estatua
coma o astronauta do conto:
sabendo moito da lua
non saben ren do seu pobo.
Pra Il era pan comido
iso de gañar diñeiro:
na casa de Guimarán,
na riba de Ribadeo,
multiplicando ganancias
deixou a todos boquiabertos.
Mais distinguido antros grandes,
que xa distinguense abondo,
atopábase moi alto
coma o astronauta do conto,
namentras nos, os ceguiños
que non vemos polos ollos,
temos que botar as maus
e apalpar os bultos todos,
sabendo que a maioría
están cheiños de osos
e que por osos que señan
inda así non teñen moitos.

A HISTORIA (cantado)

PRIMEIRA PARTE

E o Marqués que está embalado



niso de ser o primeiro
proleutou un alto forno
pra montar en Sargadelos.
O primer forno da España
que nos reduciu o ferro
porque o quixo o noso Ibañez
traballou nos nosos eidos.
De Madrid dínlle que non,
coma xempre nos dixeron dende aló,
mais o Marqués
ademais de listo e terco

■ *Imaxes: Cartel de cego "Marqués de Sargadelos" (detalle). Arquivo de Xosé Díaz*

Depósito Legal: C - 1.330- 1998

Gráficas do Castro/Moret, S. L. O Castro Sada

■ *Imaxe: Isaac Díaz Pardo. Cartel de cego "Castelao" (detalle). Arquivo de Xosé Díaz*

Xesús Redondo Abuín

Vai por ti, Isaac

"Se o home consigue
diariamente
para o seu sustento

un codelo de pan
e unha pinga de auga fresca,
mesmo servida
nun vello cántaro cuarteado

¿por que se poñerá
ó servizo de outro?

¿A cambio de que
profana o seu ideal,
traizoa a súa conciencia
e se humilla diante dos demais?"



■ *Intervención de Xesús Redondo Abuín*

Así falaba hai nove séculos Omar Khaiame. Que gran patriarca das letras de todos os tempos. Que gran alma gastaba o gran Omar Khaiame. Non comungaba el cos cátedros nin coas cátedras de educación convencional. Eses cátedros e esas cátedras eran para el baluartes do sectarismo. Os verdadeiros templos do saber para el eran as tabernas. As tabernas e as jaimas dos descalzos do deserto. E eu teño para min que ese mesmo era o credo de Isaac. Lonxe estaba tamén Isaac dos dogmas oficiais e lonxe de rendirlle culto ós cartos. Comía coma unha pita. Con calquera cousa pasaba. A Isaac non o moveu nunca a cobiza que move ós depredadores de plusvalía. O que movía a Isaac era o afán de rescatar a toda costa a memoria dos 150.000 que aínda permanecen en covas ignotas e o afán de enriquecer o patrimonio material e inmaterial dos

descalzos de Galicia e de todas partes. A proba está en que o que gañaba como empresario íaselle íntegro como empedernido inconformista da causa dos descalzos. Da causa dos descalzos de Galicia e dos de todas partes. Por iso estou eu hoxe aquí. Por iso estarei mañán e máis pasado mañán. Grazas, Isaac, por non dar a torcer o brazo dos teus pertinentes e pertinaces ideais.

■ *Non podía faltar a música nesta xornada*

Carme Blanco Ramos

A primeira visita

Quedaban vestixios da exposición bibliográfica sobre a Guerra Civil e o exilio nos paneis do IGI. Estabamos nos primeiros días de xaneiro de 2007, Isaac xa comezara o exilio de Sargadelos e de Ediciós do Castro, cando da man de Alonso Montero, Inés Canosa e Ana Acuña, coñecín aquel home miúdo, un mito para moitos novos dos Madrigalegos, aquel home que pousaba miradas precisas coma se buscase efectos de transparencia e logo as recollía con tempero trazando pinceladas nun óleo imaxinario.

Na cociña coas mesas e cadeiras, reflexo da Bauhaus e co recendo dun bo café, compartimos un exquisito turrón catalán, agasallo dos seus amigos de Barcelona. Sempre cunha linguaxe directa e agarimosa pero con honestidade intelectual mostrounos a harmonía das elevadas estruturas e as cores do interior do IGI, o seu hábitat natural na súa derradeira etapa, e mostrounos os tesouros da memoria histórica gardados na caixa-búnker de seguridade, e entendemos a vea filantrópica da explicación da residencia do IGI para estudantes e investigadores fillos de exiliados e, por suposto, falounos dos amigos que xa non estaban, Lorenzo Varela, Dieste, Valenzuela, Granell, Seoane, Seoane..., sempre Seoane.

Isaac Díaz Pardo "pousaba miradas precisas coma se buscase efectos de transparencia e logo as recollía con tempero trazando pinceladas nun óleo imaxinario".

E despois de fotografar as nosas facianas paseou garboso de ganchete comigo e Ana, percorrendo ata o final a estreita galería de deseño nas alturas. Entramos nun ascensor, premeu o botón e baixamos ao mundo inferior, de socato diante dos nosos ollos esperaban, senlleiras e caladas en penumbra, as cincocentas cadeiras de liñas rectas vestidas de branco. Un feixe de luz iluminaba parte do escenario xiratorio. Tiñamos ante nós o mundo da escenografía, o de creación, o Aleph particular de Isaac.

E, cos días, meses, anos, as visitas sucedéronse, pero un día sentín a inxustiza moral, a cultura ferida ao ver no xornal a foto de Isaac Díaz Pardo, o mecenas da nosa cultura recollendo as súas pertenzas do IGI, os proxectos, as ilusións..

Isaac pequeno e grande home soubo sobrevivir a todo con dignidade...e nós sobreviviremos?

Xesús Alonso Montero

■ Presidente da Real Academia Galega ■

Unhas palabras sobre Isaac Díaz Pardo

Aquí, en Boisaca, no segundo cabodano, diremos o que dixemos o ano pasado, no mesmo lugar, e o que aquí e fóra de aquí moitos dirán dentro dun ano, de dous ou de dez, de cincuenta… mentres a xente teña memoria e sentido da gratitude. Se dentro de cincuenta ou cen anos, a sociedade é mellor ou algo mellor, se o noso país é, como colectividade, máis xusto ou menos inxusto, iso deberase a que existiron seres humanos como o gran Díaz Pardo e que a semente non se perdeu. Pero para que a semente non se perda cómpre lembrar, cómpre recordar, cómpre facer actos de memoria –e gratitude- como esta conmemoración de hoxe.

Isaac Díaz Pardo foi un home excepcional, un cidadán extraordinario, un intelectual polifacético moi especial que puxo a súa humanidade, o seu sentido cívico e a súa intelixencia, moi práctica, ó servizo dos demais nun mundo inzado de egoísmos e obscenas codicias particulares.

O día que prevaleza o espírito diazpardiano, Galicia rimará con Xusticia (ou Galiza –como el querría- con Xustiza). E o mundo, o mundo enteiro, terá un pouco máis de luz.

■ *Intervención de Xesús Alonso Montero, presidente da RAG*

+++

Alén das intervencións recollidas, no acto de homenaxe, organizado pola Academia Real Isaac Díaz Pardo, escoitáronse outras voces, que relacionamos a continuación para quen teña interese[1]:

- Alumnos de 2º de Bacharelato do IES de Cacheiras:
  - Branca Ansia Calviño recitou "Para vos", de Camilo Díaz Baliño.
  - Ainoa Fernández Pampín recitou o fragmento de "O marqués de sargadelos" que se pode atopar neste mesmo caderno.
  - Fuco López Bermúdez recitou o fragmento de "Castelao" que se pode atopar neste mesmo caderno.

  (Acompañou á guitarra Adrián Blanco Míguez)
- Luísa Cayetano leu "Ramón de Sismundi more na tenda", de Celso Emilio Ferreiro
- Ángeles Ruibal interpretou o poema "O noso amigo" de María do Carme Krukenberg; e tamén "Adiós ríos, adiós fontes" de Rosalía de Castro.
- Laura Pérez Landeira recitou o poema "La muerte fue en Granada", de Antonio Machado, adicado á morte de Federico García Lorca.
- Xesús Rábade Paredes recitou "Evocación de Isaac Díaz Pardo".
- Laura e Mariña Quintillán interpretaron os tres himnos de Isaac Díaz Pardo.
- Xunto aos interiores, interviñeron tamén Luis González López "Ferreiro" e Víctor Freixanes.
- Tamén participou o cuarteto de gaitas de Beade (Vigo).

■ *Programa da homenaxe*

[1] *Datos tomados do programa publicado pola Academia Real Isaac Díaz Pardo*

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS

Cadernos editados

Nº 1 - «O Ateneo de Cultura Política y Social: unha experiencia societaria na Sada da II República» · M. Pérez Lorenzo

Nº 2 - «As letras e o mar» · M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo

Nº 3 - «As letras e as festas» · E. Rocha Llobregat, M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo, X. A. Suárez Picallo

Nº 4 - «Manuel Couzo e o C. E. Sada y sus Contornos» · A. López Soto, M. Pérez Lorenzo

Nº 5 - «A represión franquista en Sada. As vítimas mortais» · M. Pérez Lorenzo

Nº 6 - «A sociedade Sada y sus Contornos» · M. Gayoso Barreiro

Nº 7 - «Palabras de Nadal e Aninovo» · R. Suárez Picallo

Nº Extraordinario - «Isaac Díaz Pardo e as Cerámicas do Castro» · Xosé Díaz

Nº 8 - «Voces de xustiza. Artigos e manifestos dos anarquistas de Sada na II República» · AA.VV.

Nº 9 - «Homenaxe a Juan Carlos Medal "Jaitos"» · AA.VV.

Nº 10 - «As letras e as festas II» · M. L. Freire-Calvelo, X. A. Suárez Picallo

Nº 11 - «Francisco Varela Posse. O fotógrafo de Sada» · F. A. Pita Fernández, M. Pérez Lorenzo

Nº 12 - «Ricardo Flores. Sempre en Sada» · M. Pérez Lorenzo

Nº 13 - «Fontán nas nosas letras» · R. Suárez Picallo, M. Lugrís Freire, M. L. Freire-Calvelo

Nº Extraordinario - «Isaac en Sada: documentos» · AA.VV.

Nº 13 - «Fontán nas nosas letras» · R. Suárez Picallo, M. Lugrís Freire, M. L. Freire-Calvelo

Nº Extraordinario - «Isaac en Sada: documentos» · AA.VV.

Nº 13 - «Fontán nas nosas letras» · R. Suárez Picallo, M. Lugrís Freire, M. L. Freire-Calvelo

Nº Extraordinario - «Isaac en Sada: documentos» · AA.VV.

Nº 14- «Carnoedo na historia: textos e documentos» · AA.VV.

Nº 15- «O Entroido en Sada: a comparsa "Os Mareantes"»

Edita

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

Colabora